

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 8582** *Orde APA/698/2020, do 21 de xullo, pola que se actualiza o anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, e se modifica o anexo I do Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, aos porcinos reprodutores híbridos e ao seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras, e se modifican os reais decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro; e 1625/2011, do 14 de novembro.*

O Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, establece os requisitos que deben cumprir os animais da especie canina para a súa inclusión no libro xenealóxico correspondente e os criterios para o recoñecemento oficial daquelas entidades que pretendan a súa xestión.

A dita disposición incorpora nun anexo a lista das razas caninas españolas.

O obxecto desta orde é, por unha parte, modificar o dito anexo incluíndo a raza pura canina española Valdueza. A proposta de inclusión desta raza recibiu o informe favorable da Comisión Nacional de Zootecnia na súa reunión do día 21 de maio de 2020.

Por outra parte, o Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os reais decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro; e 1625/2011, do 14 de novembro, ten por obxecto establecer as disposicións específicas de aplicación no Reino de España do Regulamento (UE) 2016/1012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, relativo ás condicións zootécnicas e xenealóxicas para a cría, o comercio e a entrada na Unión de animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, e polo que se modifican o Regulamento (UE) n.º 652/2014 e as directivas 89/608/CEE e 90/425/CEE do Consello, e se derrogan determinados actos no ámbito da cría animal («Regulamento sobre cría animal»), e dos regulamentos que o desenvolven, así como a actualización do Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras (en diante, Programa nacional), para adaptarse a esa normativa comunitaria, ademais de regular as especificidades nacionais en materia de zootecnia.

A dita disposición incorpora no seu anexo I o Catálogo oficial de razas de gando de España.

De acordo co artigo 6 do citado real decreto, o recoñecemento, a clasificación e a incorporación de razas no catálogo oficial realizaranse de acordo cos procedementos establecidos para estes efectos pola Comisión Nacional de Zootecnia prevista no artigo 25, que incluírán, en todo caso, a presentación e análise da documentación da correspondente raza, así como o seu preceptivo informe técnico e posterior publicidade no Sistema nacional de información previsto no artigo 12.

O obxecto desta orde é actualizar o dito anexo, suprimindo as razas ovinas Landschaff e Charmoise, con base nunha proposta que foi admitida na reunión da citada Comisión Nacional de Zootecnia celebrada o 9 de xullo de 2019, con posterioridade á publicación do Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro.

A presente orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira terceira do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, que faculta o ministro de Agricultura,

Pesca e Alimentación para modificar e incluír no anexo novas razas caninas, logo de informe da Comisión Nacional de Zootecnia, e da habilitación contida na disposición derradeira sexta do Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar, logo de informe da Comisión Nacional de Zootecnia, o Catálogo oficial de razas de gando e a clasificación de razas do anexo I, do cal se dará publicidade no Sistema ARCA da web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen prexuízo da súa aprobación como regulamento con natureza de orde ministerial e da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis axeitado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non restrinxen dereitos nin impoñen obrigas aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas.

Na tramitación da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

*Artigo 1. Modificación do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.*

Incorpórase no anexo do Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, a raza pura canina española Valdueza.

*Artigo 2. Modificación do Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os reais decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro; e 1625/2011, do 14 de novembro.*

A letra b) do número 2 do anexo I do Real decreto 45/2019, do 8 de febreiro, polo que se establecen as normas zootécnicas aplicables aos animais reprodutores de raza pura, porcinos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, se actualiza o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras e se modifican os reais decretos 558/2001, do 25 de maio; 1316/1992, do 30 de outubro; 1438/1992, do 27 de novembro; e 1625/2011, do 14 de novembro, substitúese pola seguinte:

«b) Especie ovina: Assaf, Berrichon du Cher, Fleischschaf, île de France, Lacaune, Merino Precoz.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de xullo de 2020.– O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.